



DON CARLOS FERNÁNDEZ VALDIVIELSO, XEFE DO SERVIZO TÉCNICO-XURÍDICO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, SECRETARIO DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE LUGO,

CERTIFICO:

- a) Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do once de xuño de dous mil tres, figura o acordo seguinte:

<< 5º.- Varios

(...)

- j) Monte: "PALEIRA" (expediente 23/81), pertencente ós veciños da parroquia de BALBOA do concello de TRABADA. Por resolución con data 22 de marzo de 1982, o xurado acordou clasificar este monte na zona repoboada pola Administración Forestal. Esta resolución foi declarada non conforme a dereito e anulada por sentenza da sala 4ª do Tribunal Supremo con data 3 de novembro de 1987. Posteriormente, por sentenza nº 148/95 do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Lugo, resolveuse estima-la demanda interposta pola comunidade de veciños da parroquia de Balboa contra DON JOSÉ FERNÁNDEZ PÉREZ e outros, declarando que o monte litigioso, descrito no feito primeiro da demanda, pertence en pleno dominio e en réxime de veciñal en man común ós veciños con casa aberta na parroquia de Balboa, do concello de Trabada. Con data 17 de marzo de 2003, tivo entrada escrito do representante da comunidade de veciños xuntando certificación do secretario do Xulgado de 1ª Instancia nº3 de Lugo, expresiva da firmeza da devandita sentenza, e documentación relativa á permuta levada a cabo entre dúas parcelas pertencentes a esta comunidade e un predio propiedade de DON JOSÉ FERNÁNDEZ PÉREZ. Esta permuta foi informada favorablemente por esta delegación provincial, con data 20 de decembro de 2002, en canto á similitude do valor dos terreos e a súa colindancia. Así mesmo, solicítase que sexa excluído da clasificación o denominado "CERRADO DO ZURRO" como enclave pertencente a DONA HILDA GÓMEZ VILLARINO, que ocupa unha extensión de 9.500 m².

Examinadas a devandita sentenza e demais documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ó establecido na mesma, procedendo á inscrición do monte na sección provincial do rexistro de montes veciñais en man común coas oportunas modificacións de acordo coa permuta levada a cabo, e requirindo ó xefe do Distrito forestal VI A Mariña para que proceda á elaboración dun novo croquis no que quede reflexado o monte e a súa superficie, tendo en conta todos estes aspectos.

(...)

- b) Que este acordo é firme por non interporse recurso algún en contra dentro dos prazos legais.



c) Que o monte queda clasificado coas seguintes características:

Nome: "PALEIRA"
Pertenza: Comunidade de veciños da parroquia de Balboa
Concello: Trabada
Superficie total: 82 hectáreas

Líndeiros, os que figuran na sentenza son:

(...)

<< Norte.- Un muro rústico de pedra que separa de particulares propietarios de terrenos de la Parroquia de Balboa. Inmediato a este muro, antiguo camino rural en desuso enlazando la Capilla de San Fernando con el lugar de Balboa.

Este.- Montes de propiedad particular de la parroquia de Balboa.

Sur.- Determina por una línea imaginaria sensiblemente recta que desde la llamada "Pena Moura" se dirige hacia el Oeste, cuya línea viene marcada sobre el terreno por medio de unos mojones de piedra de pizarra.


Oeste.- Queda definido por la distinta masa forestal existente. La de los montes situados hacia el Oeste están repoblados con eucaliptos, en tanto que la parte del monte de Paleira lo está con pinos. >> (...)


E para que conste, para a súa remisión ó **REXISTRO DA PROPIEDAD DE RIBADEO**, expido a presente co visto e prace do Sr. Delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, presidente do xurado, en Lugo, a vintenove de xaneiro de dousmil catro.

V. e Pr.

**O DELEGADO PROVINCIAL
PRESIDENTE DO XURADO**

Asdo.- Luis González Vázquez





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30.10.2024**, figura o seguinte acordo:

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

MVMC **Paleira** (exp. 23/81), pertencente aos veciños da parroquia da Valvoa, concello de **Trabada**.

O 30.8.2022 tivo entrada unha solicitude da comunidade da Valvoa para que se proceda á revisión do esbozo do seu monte veciñal conforme á proposta que achegan. A solicitude resulta complementada coa documentación aportada o 18.7.2024. Procedemento con número de expediente **2022_61**.

O 22.7.2024, o Servizo de Montes elaborou un informe no que se recolle a definición do esbozo revisado. De acordo coa cartografía resultante, a superficie do monte **Paleira** pasa a ser de **80,85 hectáreas**.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, para a súa remisión á **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da acta da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal

650000

651000



4815000

4815000

4814000


4814000




4813000

4813000

4812000

4812000



 XUNTA DE GALICIA Consellería do Medio Rural Xefatura Territorial de Lugo - Servizo de Montes		Monte: Paleira Pertenza: Balboa Concello: Trabada Sup. previa: 87,03 ha. Sup. revisada: 80,85 ha.		Lugo, 15 de xullo do 2024 A enxeñeira técnica Marisa Graffe Abbattista TENZAS Enxeñaría e Asesoramento Legal, S.L.	
PLANO DE: Revisión de esbozo de monte veciñal en man común de Paleira (exp 23/81) <i>Carpeta 2022_61</i>					
ESCALA: 1:10.000	PLANO 2: SITUACIÓN POSTERIOR A REVISIÓN DE ESBOZO		Visto e prace O Xefe do Servizo de Montes		Revisado Servizo de Montes
 Proposta de revisión de esbozo do M.V.M.C. Paleira  Parcelario do Catastro		Manuel González Fernández		Santiago Fraga Sáenz	

650000

651000

CVE: Gb1oM1o4hoV1
Verificación: <https://seda.xunta.gal/cve>

